

Multiplicación e caracterización de 8 variedades de cabaza de Galicia.

Obxectivos:

Caracterización e conservación de 8 variedades locais de cabaza recollidas en Galicia polo Centro de Recursos Fitoxenéticos (CRF) do INIA, co fin de gardar unha copia no banco de xermoplasma do CIAM.


Dado o aumento do consumo de cabaza nos últimos tempos sería interesante coñecer o valor comercial que podan ter estas variedades co fin de que as nosas cooperativas podan ofertar un produto de calidade ligado a terra e que poda acadar un alto valor engadido.

Tarefas desenvoltas

Multiplicáronse 8 variedades de cabazas recollidas en prospeccións en Galicia. Para o que se plantaron 24 plantas de cada unha das variedades para asegurar un mínimo de variabilidade. Debido a que as cabazas posúen flores unisexuales con nectarios, foi necesario o illamento das flores para evitar a polinización cruzada por insectos. Aproveitando que a polinización se realizou de forma manual se mesturaron os polen de tódalas flores masculinas de cada variedade antes de cada polinización para así acadar o máximo de variabilidade no “pool xenético”. De cada unha das 24 planta se recolleran dous froitos dos que se lle extraerán as sementes.



Imaxe 1: Vista xeral do campo de ensaio



Imaxe 2: Detalle illamento flores